

5 de xaneiro Cabalgata



A cabalgata sairá da Casa da Cultura, pasando por todas as parroquias, ata chegar ao Pavillón Municipal de Guísamo, onde recibirán a todos os/as nenos/as

O percorrido e o horario publicarase uns días antes na páxina web do concello e mandarase polo servizo de Whatsapp.

**APERTURA DO PAVILLÓN A PARTIRES DAS 17.30 HORAS
GRAN FESTA INFANTIL CON OBRADOIROS E OUTRAS SORPRESAS
CHOCOLATADA E ROSCÓN DE REIS**

Postais premiadas concurso Nadal 2016-2017



1

Infantil
Candela Matos García

2

Primaria 1º, 2º, 3º
Carlos Cruz Fernández

3

Primaria 4º, 5º, 6º
Javier González Naveira

4

Secundaria
Braís Cano Fariñas

Organiza:



Colaboran:



GADIS

Asoc. Fol. Cult. S. Xoan de Ouces
CPI Cruz de Sar
CRA Bergondo

Nadal en Bergondo

2017-2018



IV concurso de felicitacións de Nadal

Poderán participar os/as nenos/as empadroados no Concello de Bergondo, de acordo coas seguintes categorías:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria (1º, 2º e 3º)
- Educación Primaria (4º, 5º e 6º)
- Educación Secundaria e Bacharelato.

Os traballos presentaranse ata o 29 de novembro de 2017 (inclusive) na Casa da Cultura en horario de 9.00 a 15.00 horas, con todos os datos: categoría, nome, enderezo e teléfono na parte posterior da felicitación.

Haberá un premio por cada categoría: 1 eReader ou lector de libros electrónicos.

O formato da postal será en A5 (medio folio normal, 15x21 cm.), en sentido horizontal ou vertical, en papel ou cartolina fina. A técnica será libre e poderán empregarse todas as cores. No caso de que conteña texto deberá ser en galego.

Podes consultar as bases completas na páxina web do concello bergondo.gal

Prazos das actividades

Prescrición: do 4 ao 12 de decembro (presencialmente/correo electrónico)
conciliación: educación@bergondo.gal/
demais actividades: cultura.deportes@bergondo.gal

Sorteo público (no caso de haber máis solicitudes que prazos) na Casa da Cultura o 13 de decembro ás 12.00 h.

Pago: para as actividades con custo haberá que realizar o ingreso do 18 ao 20 de decembro. De non realizarse, causarán baixa, pasando ao seguinte na lista de reserva.

Función de teatro “O faiado” a cargo da compañía “Teatro ó cubo”

Rede Cultural da Deputación

Día: 21 de decembro ás 12.00 horas.

Destinatarios: educación primaria.

Duración: 55 min.

Idioma: galego.

Sinopse: espectáculo onde se mistura o teatro, a música en directo, as sombras chinescas, o circo e a maxia.

Vera, Roi e Anxo son tres irmáns con xeitos diferentes de ver o mundo. Tras un acontecemento familiar, que pode cambiar o curso das súas vidas, vense na necesidade de chegar a un acordo para o cal terán que confrontar o seu ideario. A trama desenvólvese no faiado da casa do seu avó, onde medraron, xogaron e soñaron, alimentados polas historias que este lles contaba na súa infancia.

“Visita dos Reis Magos e dos Paxes Reais”

Día: 21 de decembro

Lugar: Escola Infantil Municipal, C.R.A. e C.P.I. Cruz do Sar.

Conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Días: 26, 27, 28 e 29 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro

Horario: 8.00 a 15.00 horas.

Prazas: mínimo 8 e máximo 15.

Idades: 6-12 anos.

Instalación: A Senra.

Custo: 2 €/ día.

Campamento de Nadal

Días: 26, 27, 28 e 29 de decembro.

Horario: 10:00 a 14.00 horas.

Prazas: mínimo 15 e máximo 30.

Idades: 4-12 anos.

Instalación: A Senra.

Custo: 24€ (os catro días)

10.00-10.15: recepción, benvida e caixa de correo máxico (os/as nenos terán a posibilidade de pedir desexos e preguntar curiosidades a Papa Noel, aos Reis Magos e todas as personaxes que se lles ocorran a través da **CAIXA DE CORREO MÁXICO**. Ao día seguinte, nesa mesma caixa, atoparán contestacións e historias divertidas)

10.15-11.30: obradoiros (repostería de Nadal, agasallos de Nadal, bosquidornos (decoración con materiais dos nosos bosques) e divertibolas coas súas personaxes preferidas)

11.30-12.00: merenda

12.00-13.00: informática (postal electrónica e edición de fotografía) e inglés (sing and dance in english, orientation e memory)

13.00-14.00: grandes xogos e outras aventuras

Podedes descargar o programa completo en bergondo.gal

Programación

Sesión “baby contos” e sesión de caixa sensorial de Montessori

Día: 2 de xaneiro.

Horario: 16.00 h (30 min cada sesión)

Prazas: mínimo 5 e máximo 10.

Idades: 0-36 meses.

Instalación: A Senra (biblioteca)

Actividade gratuíta

Contacontos temático con Nacho Martín

Día: 3 de xaneiro.

Horario: 12.00-12.45

Prazas: mínimo 10 e máximo 20.

Idades: 3-10 anos.

Instalación: A Senra (biblioteca)

Actividade gratuíta

Obradoiro de Ilustración impartido por Roi Paz

Día: 4 de xaneiro.

Horario: 11.30 - 13.30 horas.

Prazas: mínimo 5 e máximo 10

Idades: 11-16 anos.

Instalación: A Senra (biblioteca)

Actividade gratuíta